



RESUMO DO INFORME CLIMATOLÓXICO ANO 2025



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	2
2	DESCRIPCIÓN DO ANO 2025 EN GALICIA POR MES.....	3
2.1.	Xaneiro	3
2.2.	Febreiro	4
2.3.	Marzo	6
2.4.	Abril.....	7
2.5.	Maio.....	8
2.6.	Xuño.....	10
2.7.	Xullo	11
2.8.	Agosto	13
2.9.	Setembro	14
2.10.	Outubro	15
2.11.	Novembro	17
2.12.	Decembro.....	18
3	BALANCE DA TEMPERATURA NO ANO 2025 EN GALICIA.....	20
3.1.	Temperatura media anual das mínimas	25
3.2.	Temperatura media anual das máximas	26
3.3.	Anomalía media anual da temperatura media	27
4	BALANCE DA PRECIPITACIÓN NO 2025 EN GALICIA.....	28
4.1.	Precipitación media anual acumulada	32
4.2.	Anomalía da precipitación media	33
5	EVOLUCIÓN DA TEMPERATURA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 1961-2025	34
6	EVOLUCIÓN DA PRECIPITACIÓN MEDIA ANUAL NO PERÍODO 1961-2025	36
7	DIAGRAMA DE TERMOHIETAS.....	37

Data edición: 16/01/2026

**2025 extremadamente cálido e moi húmido****1 INTRODUCCIÓN**

Neste documento preséntanse unha descrición climatolóxica do ano **2025**, a cal será ampliada no informe completo que será publicado nas próximas datas. Así, faise un resumo mensual dos aspectos máis destacados e analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período de referencia **1981-2010**.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no ano respecto do valor da media climática correspondente.

A serie rexional empregada nos distintos cálculos consta de 11 estacións para a temperatura e 16 estacións para a precipitación distribuídas por toda Galicia.

Cando falamos das anomalías de presión, estamos a comparar co período de referencia **1991-2020**.



2 DESCRICIÓN DO ANO 2025 EN GALICIA POR MES

2.1. Xaneiro

O mes de **xaneiro de 2025** foi alternando situacións de borrascas, con precipitacións, ventos do sur e ambiente suave, con outros períodos de influencia anticiclónica, con tempo seco, pero frío. Definitivamente, as borrascas foron máis predominantes, polo que o mes tivo un **importante exceso de precipitacións** e unha **desviación positiva moi significativa nos valores medios das temperaturas** con respecto aos valores normais desta época do ano.

Así, o primeiro día do ano, tivemos una situación anticiclónica, con tempo seco e importantes xeadas durante a madrugada, pero, o día 2, achegábase un centro de baixas presións que suavizaba as temperaturas, achegaba nubes e precipitacións.

Os seguintes tres días, entre o día 3 e o día 5, as situacións meteorolóxicas estiveron dominadas pola inestabilidade e os ventos do sur, que foron especialmente salientables na segunda metade do día 4 e na primeira do día 5.

A xornada do 6 e a primeira parte do 7 foron de relativa tregua meteorolóxica, pero, na segunda metade do día 7, as condicións volvían empeorar. O paso dunha fronte moi activa nas primeiras horas do día 8 propiciou a formación dunha liña de turbonada que deixaba chuvias por momentos de carácter torrencial acompañadas de fortes ventos. Galicia continuou, ata o día 11, na influencia das borrascas atlánticas, cun novo episodio de chuvia intensa na noite do día 10.

A xornada do 12 marcaba un importante cambio nas condicións meteorolóxicas, xa que as altas presións eran quen de situarse ao norte da península Ibérica, onde ían quedar estacionarias ata o día 18. Foron, polo tanto, sete xornadas con estabilidade atmosférica e un esquema meteorolóxico marcado polo contraste entre as horas nocturnas, frías e con xeadas no interior, e as horas centrais do día, cunha sensación térmica máis agradable, agás nalgúns zonas de Ourense e do interior de Lugo, onde as néboas apenas podían disiparse.

O día 19, caía a barreira anticiclónica e entraba unha primeira fronte que deixaba chuvias xeneralizadas en toda Galicia. E, despois dunha xornada, a do 20, de relativa calma, durante os días 21 e 22, quedabamos na influencia da borrasca *Garoé*, cuxos efectos deixábanse notar máis no sur da Península, deixando en Galicia temperaturas altas e algúns chuvascos tormentosos.



O día 23 foi, novamente, unha xornada de tregua, pero, a partir do 24, un tren de borrascas causaba continuamente tempo adverso en Galicia. A primeira delas, *Eowyn*, chegaba o día 24, con refachos máximos de vento que superaban amplamente os 100 km/h en moitos puntos de Galicia e chuvias intensas e xeneralizadas.

O día 25, continuaba o temporal no mar, pero en terra a situación era tranquila á espera da chegada da borrasca *Herminia*. Na xornada do 26, esta segunda borrasca deixaba cantidades moi elevadas de precipitación, especialmente en puntos do interior da Coruña e Pontevedra, onde se superaban 100 L/m², e refachos de vento moi fortes por toda Galicia. A alerta meteorolóxica era de cor vermella no mar por ondas que, durante as últimas horas do 26 e toda a xornada do 27, superaban os 8 metros de altura. Aínda o día 27, a influencia de *Herminia* deixábase sentir en terra, pero con menor intensidade de vento e chuva.

A xornada do 28 foi algo máis tranquila en terra, con baixada de temperatura xeneralizada e neve en cotas relativamente baixas. Pero, o día 29, íamos quedar baixo o radio de acción da derradeira borrasca do tren, que ocasionaba, novamente, ventos intensos e chuvias fortes, especialmente na primeira metade da mañá.

Finalmente, as dúas últimas xornadas do mes transcorreron coa atmosfera máis estable e, en particular o día 31, sen chuvia e co ceo moi aberto.

2.2. Febreiro

Febreiro quedou caracterizado polo predominio das altas presións nas primeiras dúas semanas e situacións máis cambiantes na segunda metade. Isto fai que as **temperaturas medias estean por riba** das agardadas neste mes, mentres que nas **chuvias acumuladas** se aprecian grandes diferencias, con **áreas da metade norte cun importante superávit** e **outras da metade sur cun notable déficit**.

Así, o mes comezaba cunha entrada das altas presións en forma de cuña desde os Azores, achegando estabilidade na primeira xornada do mes, pero unha fronte pouco activa deixaba algunhas chuvias febles no oeste o día 2.

A secuencia repetiuse nas seguintes dúas xornadas, co día 3 na influencia anticiclónica e o 4 coa visita dunha fronte pouco activa que desta volta soamente deixou aumento nas nubes, aumento nas temperaturas mínimas, pero apenas precipitacións.



O día 5 aínda persistiron as condicións anticiclónicas que se foron perdendo segundo avanzaba o día 6. Durante a tarde-noite desa xornada e a madrugada do 7 unha fronte deixaba chuvias por momentos intensas e de carácter puntualmente tormentoso. Esa fronte arrastraba aire frío, o que propiciou unha madrugada de temperaturas moi baixas na xornada do día 8 con xeadas moi xeneralizadas.

Entre as xornadas do 9 e o 14 vivimos un período de situacións atmosféricas algo indefinidas, con baixas presións preto de Galicia, pero sen ser en ningún caso moi activas. Isto deixou xornadas de ceos moi nubrados, con intervalos de chuvias e temperaturas en xeral bastante suaves.

Entre os días 15 e 19, agás o paso dunha fronte na noite do 15 e na madrugada do 16, o tempo foi seco e co predominio do vento sur as temperaturas foron elevadas en xeral.

O día 20 tivemos o achegamento progresivo dunha baixa bastante profunda que nos afectou plenamente na xornada do 21 con avisos amarelos por chuvia e vento en terra, que chegaron a ser aviso laranxa no mar por ondas superiores aos 5 metros en todo o litoral e intervalos de forza 8.

As xornadas do 22 e o 23 quedaron transitoriamente nunha contorna atmosférica máis estable, pero unha nova borrasca activa nos afectaba na xornada do 24. De novo tivemos temporal de nivel laranxa no mar con ondas superiores aos 5 metros en todo o litoral, pero o máis destacado desta xornada foron as precipitacións que acumularon cantidades moi significativas no noroeste de Galicia, onde foron persistentes e de intensidade moderada ao longo de toda a xornada.

O día 25, caeron, aínda, algúns chuvascos, pero con menor intensidade. Durante a xornada do 26, a combinación das altas presións e a entrada de aire frío do día anterior deixaba unha madrugada particularmente fría, aínda que foi un día cunha ampla oscilación térmica, polo que, ao principio da tarde, os termómetros xa recuperaran valores relativamente altos.

O día 27, unha baixa desprendida localizábase fronte do litoral portugués, deixando algunhas precipitacións no sur e no oeste de Galicia.

E o mes remataba cunha situación anticiclónica, xa que esa baixa desprendida se localizaba no Golfo de Cádiz, polo que quedabamos fóra da súa influencia. Isto deixou nesa derradeira xornada tempo seco e con momentos de ceo moi aberto.



2.3. Marzo

O mes de **marzo** foi un mes **relativamente normal en canto as temperaturas medias e as precipitacións acumuladas**, con anomalías de escasa entidade. Como corresponde a un mes de transición, tivemos situacións moi cambiantes, con anticiclóns e aire frío a principios e mediados de mes, un anticiclón con aire cálido ao final e períodos de borrascas no medio.

Así, o mes comezaba cun destes períodos anticiclónicos fríos e, polo tanto, coas dúas primeiras xornadas do mes secas pero frías. As xornadas do 3 e o 4, mantívose o tempo seco, cun ascenso das temperaturas, pero, xa na xornada do 5, as baixas presións comezaron a achegarse, deixando algunhas chuvias na segunda metade da xornada. Esta situación de inestabilidade prolongábase ao día 6 con chuvias bastante xeneralizadas.

O día 7, chegaban a Galicia os efectos da borrasca *Jana*, con fortes ventos e chuvias. Esta borrasca quedaba estacionaria ao oeste da península Ibérica entre o 8 e o 10, polo que foron 3 días de chuvascos, neve por riba dos 1200 metros e ventos por momentos intensos.

O día 11, vivíase unha xornada de transición, xa que outra borrasca ía achegándose polo Atlántico. Esa borrasca situábase nos seguintes días ao oeste de Lisboa. Desde esa posición, xunto coa presenza das altas presións ao norte, propiciaron a chegada dunha masa de aire moi fría. Isto deixou, entre os días 12 e 15, situacións atmosféricas con xeadas xeneralizadas no interior, pero escasas precipitacións.

Xa o día 16, as condicións anticiclónicas foron máis predominantes e o aire frío foise retirando, polo que as temperaturas quedaron en valores máis suaves, especialmente os máximos diúrnos.

A seguinte semana quedou caracterizada polo achegamento de dúas borascas consecutivas a Galicia, pero con distintas consecuencias. A primeira delas foi a borrasca *Laurence*, que, de novo, se localizaba no Atlántico, pero en latitudes máis ao sur de Galicia, polo que achegaba masas de aire cálido e deixaba dúas xornadas, nos días 17 e 18, con aumento de temperatura e algunha chuva escasa que, na tarde do 18, acadaba carácter tormentoso nalgúns puntos concretos do interior.

Pero, a seguinte borrasca, *Martinho*, si deixaba rexistros máis importantes en Galicia, ocasionando un aviso laranxa por vento en toda a Comunidade. Así, o 19, xa tivemos ventos fortes en moitos lugares, pero sen precipitacións. Os ventos máis intensos rexistrábanse na



madrugada do 20, cadrando co aviso laranxa, superándose os 90 km/h en boa parte da Comunidade. Aínda así, as precipitacións foron escasas. Si tivemos máis precipitacións asociadas a *Martinho* nas xornadas do 21 e 22, pero xa con menor intensidade do vento.

O día 23, os ventos cambiaban a noroeste, propiciando a entrada de aire frío, o que deixaba menor cantidade de chuvia, pero unha cota de neve por debaixo dos 1000 metros de altitude. O día 24, os últimos restos de *Martinho* propiciaban, aínda, algunhas precipitacións intermitentes, algo máis frecuentes na metade norte.

E, xa a partir do día 25, as altas presións foron entrando en Galicia, deixando uns derradeiros sete días do mes de tempo seco, soleado polas tardes e cun progresivo incremento nas temperaturas, que soamente se viu algo truncado nas xornadas do 28 e 29 pola entrada de ventos de compoñente norte. O día 31 foi a xornada máis calorosa do mes, con termómetros que chegaron a superar os 30 °C en puntos da provincia de Ourense.

2.4. Abril

O mes de **abril** quedou caracterizado pola oscilación entre situación anticiclónicas secas e cálidas e a chegada de borrascas frías, una situación típica dun mes de transición como abril. As situación anticiclónicas dominaron en canto ás **temperaturas**, polo que o mes tivo **valores medios por riba do agardado**, tanto nas mínimas como nas máximas, pero as **precipitacións** asociadas aos períodos borrascosos foron suficientes para que poidamos considerar o mes como **húmido**.

Así, o mes comezaba con Galicia aínda na influencia das altas presións, pero coa borrasca *Nuria* achegándose polo Atlántico. Esa borrasca afectounos nos seguintes días, entre o 2 e o 5, deixando, principalmente, situacións de tormentas, cos chuvascos caendo durante as tardes, sendo o día 4 a xornada precipitacións algo máis xeneralizadas.

O día 6, esta borrasca desaparecía xa dos mapas e era substituída polas altas presións. Entre as xornadas do propio 6 e o día 10, as condicións foron de tempo seco, moi soleado e con temperaturas diúrnas moi elevadas para a época do ano, desenvolvéndose algúns trebóns na tarde do día 10.

O día 11, a chegada desde o sur dos restos da borrasca *Olivier* ocasionaba un cambio importante nas condicións meteorolóxicas, xa que o aire frío asociado a esa borrasca se mesturou co aire cálido de días anteriores deixando fortes tormentas, destacando,



especialmente, a que afectou á cidade de Lugo. A inestabilidade mantívose o día 12 con chuvascos repartidos por toda a Comunidade.

O día 13, Galicia quedaba transitoriamente en condicións atmosféricas máis estables, pero, a chegada dunha borrasca fría o día 14 deixaba precipitacións intermitentes e un importante descenso nas temperaturas. Este descenso fixo que os chuvascos fosen de neve na xornada do 15 por riba dos 900 metros de altitude.

A xornada do 16 foi de transición, coa borrasca afastándose, pero, o día 17, chegaba unha nova borrasca moi activa que ía deixar precipitacións abondosas durante a tarde e na primeira metade do 18, ocasionando a aparición de avisos amarelos por acumulación. O sábado 19, tivemos unha situación de temporal coa borrasca preto de Galicia, con avisos amarelos en terra por vento e chuvia e laranxa no mar pola altura das ondas. O día 20 quedou caracterizado aínda pola inestabilidade, pero todos os parámetros, vento, chuvia e ondas, diminuían a súa intensidade.

O día 21 foi unha xornada de transición, cunha fronte pola mañá, pero con altas presións entrando en Galicia pola tarde. Esas altas presións deixaban tres xornadas de sol e ascenso progresivo das temperaturas, con máximas que, o día 24, volvían superar os 30 °C en puntos do interior.

O día 25, a chegada de aire frío en altura deixaba algún fenómeno tormentoso, pero o anticiclón volvía o día 26, acompañándonos neste caso ata o día 29 e propiciando un novo período de sol e temperaturas elevadas durante as tardes.

E, xa no derradeiro día do mes, unha borrasca achegábase polo sur, deixando chuvias intensas e xeneralizadas na tarde do día 30.

2.5. Maio

O mes de **maio** quedou caracterizado polas situacións de inestabilidade, principalmente ocasionadas pola chegada de masas de aire frío, pero tamén algunha borrasca que se desprazaba desde o norte. Porén, a chegada dunha masa de aire cálido na derradeira semana fixo que as **temperaturas** estivesen **por riba do que cabería agardar** nesta época do ano. En canto ás **precipitacións acumuladas**, as tormentas deixaron situación cambiantes, con **zonas** nas que choveu **en menor cantidade da agardada** e **outras** nas que tivemos **un exceso de chuvia acumulada**.



Así, o mes comezaba, precisamente, coa chegada dunha destas baixas desprendidas con aire frío en altura. O primeiro día do mes aínda non afectaba a Galicia, pero si o fixo nas xornadas do 2, 3 e 4. De feito, os días 2 e 3, ocasionaron avisos amarelos no interior por chuvias intensas.

Durante os días 5, 6 e 7, a situación atmosférica foi máis estable, coas altas presións localizadas ao norte de península Ibérica. Desde esa posición, deixaban tempo seco, pero frío, posto que achegaban aire procedente do norte.

Nos seguintes días, entramos nun período de inestabilidade. En primeiro lugar, nas xornadas do 8, 9 e 10, de novo, pola presenza de aire frío en altura. Ao igual que no episodio de principios de mes, de novo, esta situación ocasionaba avisos en moitos puntos de Galicia polos chuvascos puntualmente fortes e acompañados de sarabia e aparato eléctrico.

Nas xornadas do 11, 12 e 13, Galicia quedaba na influencia dunha borrasca fría que chegaba desde o norte, deixando tres xornadas de precipitacións xeneralizadas, especialmente os días 11 e 12, e unhas temperaturas moi baixas para a época do ano. O día 14 foi una xornada de transición, aínda con temperaturas curtas para a época do ano, pero xa sen apenas precipitacións.

Entre os días 15 e 17, predominaron as altas presións, polo que tivemos tres xornadas de ceo moi aberto e temperaturas en progresivo ascenso, superándose, puntualmente, o día 17, os 30 °C en puntos illados do interior.

Pero, de novo, a chegada dunha zona de aire frío na xornada do 18 deixaba una tarde de treboadas localmente fortes, cun novo aviso amarelo en puntos do interior. Esas tormentas repetíanse na xornada do 19, pero xa con menor intensidade e afectando a menos puntos.

O día 20, Galicia quedaba na influencia das altas presións. Unha influencia que xa non perderíamos ata o final do mes. Entre o 20 e o 24, as temperaturas foron ascendendo progresivamente.

O día 25, unha fronte moi pouco activa deixaba un aumento das nubes e algunhas chuvias moi febles no terzo norte. Sen embargo, as altas presións recuperaban o seu predominio na xornada do 26 e, a partir do 27, foron situándose ao norte da península Ibérica. Desde esa posición, ademais de estabilidade e tempo seco, atraían una masa de aire moi cálida de orixe norteafricana que propiciou un rápido incremento das temperaturas.



As xornadas máis calorosas deste período foron os días 28, 29 e 30. En particular, na xornada do 29, superáronse os 35 °C en moitas comarcas do interior de Galicia e, no caso concreto de Ourense capital, marcáronse rexistros históricos, cunha temperatura máxima, ese día 29, de 38.1 °C.

2.6. Xuño

O mes de **xuño** quedou moi marcado polos episodios anticiclónicos da segunda quincena que, ademais de tempo seco, achegaron masas de aire moi cálido. Na primeira quincena, as **temperaturas**, agás nalgúns momentos concretos ao inicio do mes, non foron baixas, polo que as medias do mes completo estiveron **moi por riba do que cabería agardar, facendo deste mes o máis cálido da serie histórica**. En canto á **precipitación**, existe un **déficit importante** no conxunto de Galicia, xa que as fronteiras que chegaron fixérono con moi pouca enerxía e non houbo moita actividade tormentosa.

Así, durante os primeiros dous días do mes, as altas presións atopábanse moi desprazadas cara ao oeste, polo que collían a Galicia no límite do seu radio de acción, deixando xornadas frescas, con nubes no norte, pero sen precipitacións.

As chuvias si chegaban ao final do día 3 e ao principio do día 4 e de novo na mañá do 5. Dúas fronteiras consecutivas deixaban precipitacións, algo máis xeneralizadas no oeste e no norte, pero que apenas podían chegar ao leste. O día 6 chegaba una terceira fronte, tamén, moi desfeita, deixando de novo algunhas chuvias e temperaturas curtas para a época do ano.

O día 7 foi una xornada de transición, coas altas presións entrando progresivamente desde Os Azores. A situación anticiclónica quedou consolidada nas xornadas entre o 8 e o 10, cando se viviu un primeiro período de sol e calor, con temperaturas superando os 30 °C en moitos puntos do sur.

Esta situación rompeuse coa chegada de aire frío en altura, o que inestabilizou a atmosfera e provocou, o día 11, unhas primeiras horas con fenómenos tormentosos bastante frecuentes, particularmente no oeste da Comunidade. Durante este episodio, o anticiclón afastouse e tivemos, posteriormente, dúas xornadas, 12 e 13, con ventos do suroeste, algunhas chuvias febles en Pontevedra e sur da Coruña e descenso de temperatura.

Durante as xornadas do 14 e o 15, as altas presións foron entrando novamente en Galicia, achegando estabilidade, e, a partir do 16, situáronse ao norte da península Ibérica. Desde esa



posición, chegaron aire moi cálido procedente do norte de África, o que ocasionou un importante incremento nas temperaturas e o primeiro episodio de calor importante do verán. Os valores de temperatura mantivéronse moi elevados ata a xornada do 20, sendo as xornadas máis calorosas as do 17 e 18, cando en Ourense capital se superaban os 40 °C.

Os días 19 e 20 foron, aínda, moi calorosos no interior, pero as brétemas suavizaban algo os termómetros polo litoral. Os días 21 e 22, a situación foi intermedia, con ventos do oeste que, en xeral, deixaban temperaturas máis suaves canto máis preto do litoral.

No período entre o 23 e o 25, Galicia quedaba na influencia dunha nova zona de aire frío que provocaba a formación de treboadas desigualmente repartidas, sendo especialmente significativas as da madrugada e primeiras horas do 25 no terzo norte.

E, a partir do día 26, de novo, as altas presións situábanse ao norte da península Ibérica, inducendo un fluxo de compoñente sur que introduciu unha masa de aire moi cálida e relativamente seca procedente do interior do Continente africano. Isto fixo que as temperaturas experimentasen importantes ascensos e provocou o segundo episodio significativo de calor do mes de xuño, especialmente intenso os días 28, 29 e 30, con moitos observatorios superando os 40 °C e cunha máxima absoluta de 42.9 °C en Ourense rexistrada o día 29, a máis alta de Galicia para un mes de xuño.

2.7. Xullo

No mes de **xullo**, as situacións sinópticas anticiclónicas foron as máis frecuentes, aínda que con algún matiz. Na primeira quincena, as altas presións localizábanse ao norte da península Ibérica, achegando máis aire cálido, mentres que na segunda metade do mes, entraban en forma de cuña dende os Azores, polo que os ventos sopraban de compoñente norte e as temperaturas quedaban máis contidas. En todo caso, os elevados valores das dúas primeiras semanas fan que o mes teña una **anomalía positiva de temperatura**. No que fai a **precipitación**, trátase dun mes **seco**, xa que soamente houbo unha fronte que conseguiu chegar a Galicia e os fenómenos tormentosos foron raros.

Así, o mes comezaba coa finalización do episodio de calor que ocupara os derradeiros días de xuño. Aínda tivemos un primeiro día do mes con temperaturas elevadas, con máximas rozando os 40 °C en puntos de Ourense. No período entre os días 2 e 6, estivemos tamén baixo a influencia do anticiclón, pero algo máis retirado que nos días anteriores. Isto deixou



un período marcado polos ventos do nordés, que ocasionaban contrastes entre o norte e o sur de Galicia, con máis sol e calor canto máis ao sur. Tamén houbo algúns episodios tormentosos illados no leste durante este período.

O día 7 foi de transición cara a una nova situación anticiclónica. As altas presións asentáronse de novo ao norte da Comunidade os días 8 e 9, deixando novos avisos por temperaturas altas, con valores puntualmente superiores aos 35 °C no interior. Xa o día 10, unha masa de aire atlántico substituíu progresivamente á masa de aire africana dos días anteriores, polo que as temperaturas descendían no norte e no oeste, pero aínda se mantiñan altas no leste, a onde tamén chegaba esa masa de aire máis fresca na xornada do 11.

O día 12, tivemos una situación atmosférica indefinida, en xeral con alternancia de nubes e claros, pero sen precipitacións. Esas chuvias si chegaron dun xeito feble a puntos do oeste o día 13 pola chegada dunha fronte moi pouco activa.

A secuencia anticiclónica reiniciábase o día 14 cunha xornada de transición cara ao anticiclón, cos días 15 e 16 atraía novamente aire cálido de orixe norteafricana. Novamente, as temperaturas acadaron valores moi elevados ese dous días, mesmo superándose puntualmente os 40 °C en Ourense capital o día 16.

Xa nas xornadas do 17 e 18, entraba novamente aire atlántico, máis húmido e fresco, o que facía descender as temperaturas e aumentar a nebulosidade. Durante o día 19 unha fronte foi achegándose a Galicia, deixando chuvias intensas e xeneralizadas na noite do 19 e na madrugada do 20, sendo a única fronte activa que conseguiría chegar a Galicia en todo o mes.

Nas xornadas do 21, 22 e 23, tivemos situacións meteorolóxicas algo indefinidas, que deixaban algunhas nubes e temperaturas curtas para a época do ano. Pero, xa o día 24, comezaba a achegarse novamente o anticiclón, polo que a estabilidade volveu ser predominante.

E durante o período entre o 25 e o 31, quedamos bloqueados nunha situación na que as altas presións entraban en forma de cuña dende os Azores achegando estabilidade, pero tamén vento do nordés. A pauta xeral nesas xornadas foi por tanto a presenza de nubes no terzo norte da Comunidade, máis compactas ao principio e final do día, os ceos despexados no resto e o forte contraste de temperaturas entre ese terzo norte, no que os termómetros



quedaban entre os 20 e os 25 °C, e puntos de Pontevedra e Ourense, onde se superaban de xeito xeneralizado e con certa amplitude os 30 °C.

2.8. Agosto

O mes de **agosto** estivo dominado pola influencia anticiclónica e caracterizouse polo longo episodio de tempo seco, solleiro e con temperaturas extremas que se estendeu nos primeiros vinte e cinco días do mes, quedando unas derradeiras seis xornadas cunha meteoroloxía algo máis outonal. Eses últimos días non conseguiron compensar as anomalías de temperatura e precipitación acumuladas ao longo do mes, polo que agosto quedou como un mes **moi cálido, o segundo máis cálido desde 1961, e seco**.

Así, dentro de eses primeiros vinte e cinco días, destaca o período entre os días 1 e 17. Foron xornadas moi semellantes entre si, nas que as altas presións, localizadas ao norte da península Ibérica, achegaban masas de aire moi cálido dende o norte de África. Esta situación deixou en todas esas xornadas diferentes avisos amarelos ou laranxas por temperatura máxima e un longo episodio de calor, que ten en conta, tamén, os valores mínimos e a persistencia das altas temperaturas, o cal se prolongou durante dezaseis días e chegou a acadar o nivel máximo.

Dentro destes primeiros días podemos destacar que as zonas máis afectadas foron as do interior da Comunidade, quedando o norte da Coruña e Lugo cun ambiente máis suave. En canto ao litoral de Pontevedra, o episodio de calor foi especialmente intenso ao principio, pero, a partir do día 6, as altas temperaturas comezaron a ceder polas brisas costeiras e as néboas. Dentro do interior da Comunidade e como resumo do que foi a situación, podemos dicir que, na cidade de Ourense, a media das máximas roldaba os 39 °C, con sete días nos que se superaban os 40 °C.

A masa de aire cálida e seca foise afastando de Galicia nos días 18, 19 e 20, ocasionando unha normalización das temperaturas para a época do ano. Porén, a entrada de aire atlántico non trouxo precipitacións significativas nesas xornadas.

Nas seguintes catro xornadas, entre o 21 e o 25, produciuse un novo ascenso das temperaturas, ocasionado pola entrada de aire cálido e seco procedente do norte de África. A situación de sol e calor volveu a ser xeneralizada, con avisos por temperaturas diúrnas



elevadas nas xornadas do 23 e 24, aínda que con valores non tan extremos como nas dúas primeiras semanas do mes.

Xa o día 26, unha primeira fronte deixaba un aumento das nubes e un descenso das temperaturas na metade oeste e, definitivamente, a situación mudaba en toda Galicia o día 27, cando a entrada dunha fronte máis activa, asociada aos restos do ex-furacán *Erin*, deixaba algunhas precipitacións e un importante descenso nas temperaturas.

A partir do día 28, as baixas presións localizadas na contorna das illas Británicas fóronse profundando e collendo actividade, polo que, ata finais de mes, o tempo foi outonal, con temperaturas baixas para a época do ano e episodios de chuvia e chuvascos asociados a pasos de sistemas frontais.

2.9. Setembro

O mes de **setembro** quedou caracterizado por una primeira metade durante a cal Galicia quedou na influencia de baixas presións, que achegaban aire frío e inestabilidade, e unha segunda metade con situacións anticiclónicas máis frecuentes. Isto fixo que tivéramos un mes **tanto máis frío e tanto máis húmido canto máis ao oeste e noroeste da Comunidade, respectivamente.**

Así, durante os primeiros catro días do mes, as altas presións dos Azores estiveron desprazadas cara ao sur, polo que non puideron impedir a chegada de ventos húmidos do suroeste e algunha fronte pouco activa. Isto deixou xornadas con chuvias, máis frecuentes no litoral, e temperaturas baixas, en xeral.

O día 5, o anticiclón recuperouse transitoriamente, polo que foi una xornada de sol e ascenso de temperatura. Foi unha situación transitoria, xa que, durante a noite do 6 ao 7, unha nova fronte cruzaba Galicia con bastante actividade, con ventos, por momentos, de forte intensidade que provocaron a aparición dun aviso amarelo no litoral.

O día 8, a influencia anticiclónica volveu a Galicia transitoriamente, deixando un día de nubes e claros. Pero, entre o 9 e o 11, de novo, estivemos tres días baixo influencia das baixas presións, con temperaturas baixas para a época do ano e chuvias, sempre máis frecuentes no litoral.

O día 12, o tempo foi seco, aínda que os ventos do oeste seguían impulsando aire húmido e, polo tanto, a nebulosidade era importante no litoral atlántico. Eses ventos de suroeste



deixaban algunhas chuvias febles no litoral atlántico os días 13, 14 e 15, propiciando un importante contraste de temperatura entre o interior, onde os valores eran elevados, e o litoral atlántico, onde se mantiñan baixos.

E, por fin, o día 16, comezaba o primeiro período anticiclónico significativo do mes, con catro xornadas, ata o día 19, de ceo aberto e importante aumento das temperaturas, con máximas que nas tardes do 18 e o 19 superaban os 35 °C en puntos illados do interior.

Esa situación rompeuse o día 20 co paso dunha fronte nas primeiras horas que deixaba chuvias bastante xeneralizadas. Durante as xornadas do 21 e 22, as altas presións entraban en forma de cuña dende os Azores, con ventos de compoñente norte que arrastraban aire húmido e frío, producíndose, así, algunhas chuvias intermitentes no terzo norte da Comunidade.

O segundo período anticiclónico importante tivémolo entre os días 23 e 26, cando a estabilidade foi a nota predominante, deixando días de ceo moi aberto e forte contraste das temperaturas entre as mañás e as tardes, nas que o termómetro se achegaba aos 30 °C no interior.

O día 27, tivemos a visita do ex-furacán *Gabrielle*, que trouxo nubes, precipitacións a partir do mediodía, especialmente na metade sur, e un descenso de temperaturas. Unhas chuvias que se prolongaban na madrugada do 28, pero que foron desaparecendo conforme avanzaba o día.

O mes de setembro remataba con dous últimos días de tempo anticiclónico, seco, soleado e con temperaturas altas para a época pola tarde, con rexistros preto dos 30 °C en áreas de interior.

2.10. Outubro

O mes de **outubro** divídese en dúas partes claramente diferenciadas. Ata o día 18, agás na xornada do 4 de outubro, o predominio das altas presións deixou tempo seco e moi cálido. A barreira anticiclónica caeu o día 19 e, durante os últimos doce días do mes, as temperaturas descenderon e as precipitacións foron aparecendo con bastante frecuencia e intensidade. Aínda así, as **temperaturas** medias do mes quedaron **moi por riba** do que sería de agardar en outubro e as **precipitacións** que se foron acumulando nos últimos doce días **non puideron chegar aos valores propios** de outubro na meirande parte de Galicia.



Así, os primeiros tres días de outubro, tivemos tempo seco, soleado polas tardes e cun forte contraste de temperatura entre as mínimas e as máximas.

Na xornada do 4, unha fronte asociada á borrasca *Amy* deixaba algunhas precipitacións que nin sequera chegaron a afectar a puntos do sur de Lugo ou gran parte da provincia de Ourense.

A situación anticiclónica restableceuse de xeito rápido a partir do día 5 e as altas presións estiveron estacionarias ao norte da península Ibérica ata o día 18. A meteoroloxía desas trece xornadas foi moi semellante, con tempo seco e soleado e néboas durante as mañás en puntos do interior, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense. Soamente se rexistrou algún chubasco illado de carácter tormentoso no leste de Ourense e algunha chuva feble no norte de Lugo. De novo, nese período, o contraste entre os valores mínimos e máximos foi moi evidente, con temperaturas que durante as tardes superaban, en xeral, os 25 °C, e mesmo, en puntos illados do interior, os 30 °C, como sucedeu en varias xornadas en Ourense capital.

A situación cambiou completamente o día 19 coa chegada dunha primeira borrasca, que foi quen de mover as altas presións e deixou precipitacións moi significativas, principalmente, na provincia de Pontevedra e no sur da provincia da Coruña. Unha situación semellante volveu a repetirse na noite do 20 ao 21.

A continuación, Galicia viuse afectada pola borrasca *Benjamín* na tarde do 22 e nas primeiras horas do 23, deixando unha situación de fortes ventos do sur e chuvias intensas ao longo dese período.

As xornadas do 24 e 25 viviron situacións intermedias, con ventos húmidos do oeste, nubes e algunha chuva feble no oeste.

A situación atmosférica dos días 26 e 27 foi máis estable, con temperaturas baixas durante as madrugadas e ceo aberto, sobre todo na metade sur.

O día 28, unha fronte pouco activa deixaba chuvias bastante xeneralizadas, aínda que non moi intensas, que se prolongaban, tamén, na madrugada do 29. Nas horas diúrnas do 29, a situación atmosférica foi bastante tranquila, pero o mes remataba cunha borrasca moi activa que, nas últimas horas do 30 e durante toda a xornada do 31, deixaba fortes precipitacións e intensos ventos de compoñente sur.



2.11. Novembro

O mes de **novembro** caracterizouse pola variabilidade de situacións atmosféricas, destacando a segunda semana pola gran cantidade de precipitación e os últimos dez días polo ambiente frío. A semana na que as **precipitacións** foron abondosas fai que as cantidades acumuladas ao longo do mes estean **moi por riba do valor agardado**, mentres que os últimos días fríos compensaron aos primeiros cálidos e fixeron que **a media das temperaturas** estea **bastante preto da normalidade**.

Así, o mes comezaba na madrugada do día 1 con precipitacións, pero coas horas diúrnas máis apracibles. Os seguintes dous días, quedamos en áreas intermedias, coas altas presións movéndose cara ao norte, pero con ventos húmidos de compoñente oeste que deixaban ceos nubrados, algunha precipitación dispersa na metade norte e ambiente suave.

As borrascas achegábanse, novamente, a Galicia nas xornadas do 4 e o 5, cun importante temporal de vento e chuvia, principalmente, ao final do día 4 e na primeira metade do 5. Os días 6 e 7, quedabamos nunha situación de chuvascos puntualmente intensos.

A xornada do 8 foi algo máis tranquila, con baixada de temperatura, pero apenas precipitacións. Foi unha pausa breve, xa que, novamente, nas derradeiras horas do día 9 e na madrugada do día 10, sufrimos o paso dunha fronte que deixaba chuvias, preferentemente na provincia de Pontevedra, no sur da provincia da Coruña e nas zonas montañosas das provincias de Lugo e Ourense.

Entre os días 11 e 16, Galicia estivo baixo os efectos da borrasca *Claudia*, a cal quedou estacionaria ao oeste da península Ibérica, causando precipitacións persistentes e fortes ventos durante todo este período. As chuvias afectaron, especialmente, ás provincias de Ourense e Pontevedra e ao sur da provincia da Coruña, con acumulados que, nalgúns puntos, chegaron a superar os 300 mm. En canto aos refachos de vento, foron especialmente fortes no litoral atlántico e nas zonas altas do interior.

Unha vez que esta borrasca desapareceu, as altas presións foron entrando novamente en Galicia desde o Océano Atlántico, conformando, xunto coas baixas presións localizadas no Continente europeo, un corredor de isóbaras que arrastrou cara á península Ibérica unha masa de aire frío de orixe Ártica. Así, o día 17, as precipitacións concentráronse no extremos norte e nordés da Comunidade, pero o termómetro aínda non se moveu. Foi a partir do día



18, cando asistimos a un descenso térmico importante. Ademais, o vento do norte deixaba chuvascos na metade norte que foron de neve nas zonas de montaña.

O día 22, unha fronte cálida desprazouse ao norte de Galicia a través do Mar Cantábrico, traendo chuvias a partir do mediodía, en xeral, pouco importantes e unha recuperación das temperaturas o día 23, xornada ao longo da cal a situación meteorolóxica se foi complicando pola aproximación dunha pequena borrasca desde o noroeste que nos enviou unha fronte fría activa, provocando precipitacións xeneralizadas, con acumulados importantes nas provincias atlánticas e nas montañas das provincias de Lugo e Ourense, e refachos de vento fortes, localmente moi fortes, prolongándose esta situación, tamén, na xornada do 24.

O día 25, coa entrada das altas presións desde o Atlántico e a localización dunha borrasca de gran tamaño en Centro Europa, irrompía unha masa de aire marítimo polar, provocando unha nova baixada xeneralizada das temperaturas e precipitacións en forma de chuvascos na metade norte.

Durante os días 26, 27 e 28, Galicia quedaba baixo influencia anticiclónica, con ausencia de precipitacións e ambiente frío, especialmente durante as noites.

O día 29, perderíamos a influencia das altas presións debido ao achegamento, desde o noroeste, dunha fronte fría activa que deixaba precipitacións xeneralizadas, máis significativas na metade norte, que irían remitindo ao longo da madrugada do día 30, quedando as horas diúrnas do derradeiro día do mes con tempo seco e apertura de grandes claros.

2.12. Decembro

O mes de **decembro** de 2025 tivo unhas primeiras semanas, ata o día 23, nas que predominou a chegada de borrascas atlánticas, con chuvias que aparecían de forma bastante continuada e ambiente suave. Esta tendencia cambiou nos últimos oito días, nos que tivemos situación anticiclónica, con tempo seco e frío. Isto fai que o global do mes teña un **exceso de precipitación**, pero que as **temperaturas** quedasen en valores **moi preto da normalidade**.

Así, os primeiros catro días do mes, tivemos o paso de dúas borrascas que collían a Galicia no límite do seu radio de acción, deixando precipitacións intermitentes, de neve en cotas altas, e un temporal importante no mar con avisos laranxa por ondas. A borrasca do día 5,



Davide, estivo máis preto de Galicia, ocasionando chuvias máis persistentes e intensas que nas xornadas anteriores.

O día 6, as chuvias foron algo menos intensas, pero seguiron sendo xeneralizadas. Os días 7, 8 e 9, esas chuvias soamente afectaban a puntos do oeste, quedando máis protagonismo para o vento, especialmente o día 9, cando moitos puntos do litoral e zonas altas superaron os 100 km/h de refacho.

Os días 10 e 11 foron de relativa tregua anticiclónica. Foi unha tregua de moi curta duración, xa que na propia tarde do 11 chegaba unha nova fronte que, ao final do día, afectaba xa a práctica totalidade de Galicia. Unha fronte que continuaba actuando na xornada do 12, deixando un novo día con chuvia xeneralizada e temperatura relativamente alta.

As xornadas do 13 e 14, gozamos novamente doutra situación anticiclónica, con dous días secos, soleados e cun importante contraste entre as temperaturas mínimas e máximas.

As borrascas regresaban a partir do día 15, deixando, de novo, un panorama de ceo gris e chuvias, que foron particularmente intensas nas comarcas atlánticas. O máis salientable do 16 foi o cambio do vento a compoñente norte, o que fixo baixar considerablemente a cota de neve, aínda que os chuvascos foron escasos.

O día 17, as altas presións entraron novamente en Galicia de xeito transitorio, xa que, o día 18, unha nova borrasca activa deixaba unha fronte que cruzaba o noso territorio durante a segunda metade da xornada.

E logo doutro día, o 19, algo máis estable, unha última fronte chegaba a Galicia o día 20, deixando de novo chuvias intensas. Esa fronte arrastraba aire frío, polo que, o día 21, os chuvascos se deron en forma de neve en cotas relativamente baixas, sobre os 600 metros. Estes chuvascos continuaban os días 22 e 23, perdendo intensidade e frecuencia progresivamente e cunha cota de neve cada vez máis elevada.

A partir do 24, as altas presións establecéronse ao norte da península Ibérica, cambiando os ventos a compoñente leste e achegando masas de aire secas e frías. O período entre o 24 e o 31 non tivo alteracións moi significativas, cun esquema meteorolóxico no que predominaron as xeadas e as néboas durante as madrugadas e primeiras horas da mañá, pero a cambio as primeiras horas da tarde presentaban temperaturas máis altas e apenas vento, polo que a sensación térmica era moito máis agradable.



3 BALANCE DA TEMPERATURA NO ANO 2025 EN GALICIA

Neste documento vanse tomar os criterios da **Táboa 1** para asignar unha categoría aos distintos meses segundo a temperatura. Emprégase para isto os percentiles obtidos da serie rexional no **período 1981-2010**. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais ao longo do ano 2025.

Temperatura	
Percentil	Categoría
$T < T_{min} 1981-2010$	extremadamente frío
$T_{min} 1981-2010 \leq T < P20$	moi frío
$P20 \leq T < P40$	frío
$P40 \leq T \leq P60$	normal
$P60 < T \leq P80$	cálido
$P80 < T \leq T_{max} 1981-2010$	moi cálido
$T > T_{max} 1981-2010$	extremadamente cálido

Táboa 1: Categorización en función dos percentís de temperatura da serie 1981-2010.

En **xaneiro de 2025**, as temperaturas, en xeral, estiveron moi por riba do que cabería agardar, tanto nos valores mínimos como nos máximos. Isto foi así porque, unicamente, tivemos un período anticiclónico longo, entre o 12 e o 19, con frío durante as horas nocturnas, pero, o resto do tempo, predominaron as situacións de vento sur, que propiciaban a chegada de aire anormalmente cálido para a época do ano. O valor medio da temperatura media foi **9.8 °C**. Así, a anomalía media da temperatura para este mes de xaneiro foi **1.8 °C superior** ao valor normal climatolóxico, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **extremadamente cálido, o terceiro xaneiro máis cálido desde que existen rexistros**, co precedente máis cálido no ano 2024. Se tomamos como referencia a media da temperatura mínima, cunha anomalía positiva de 2.3 °C, o mes resulta, tamén, extremadamente cálido, mentres que para a media da temperatura máxima, cunha desviación positiva de 1.3 °C, xaneiro considérase moi cálido.

En **febreiro**, as temperaturas, tanto as mínimas como as máximas, acadaron valores máis elevados cos das medias climáticas. Este efecto foi algo máis acusado no caso dos valores mínimos, xa que aínda que houbo xornadas concretas anticiclónicas con valores baixos, predominaron máis os días con nubes e ventos do sur e polo tanto con madrugadas moi suaves para esta época do ano. A temperatura media acadou un valor medio de **10.2 °C**, o



que supón unha anomalía media da temperatura de **1.5 °C superior** ao valor normal climatolóxico, considerándose o mes, deste xeito, como **moi cálido**. Se tomamos como referencia a media da temperatura mínima, cunha anomalía positiva de 2.0 °C, o mes resulta moi cálido, mentres que para a media da temperatura máxima, cunha desviación positiva de 0.9 °C, o mes considérase cálido. O precedente máis cálido atopámolo no ano 2024.

En **marzo**, os valores medios non estiveron moi afastados dos agardados, aínda que, en moitos puntos, quedaron algo por debaixo, xa que, agás nos últimos días do mes, en xeral as situacións foron algo máis frías do que cabería agardar na altura do ano. Así, o valor medio da temperatura media foi **10.6 °C**. O valor medio da anomalía de temperatura media foi **-0.3 °C**, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **(lixeramente) frío**. Tendo en conta a temperatura mínima, sen desviación respecto aos valores climáticos, marzo é normal, mentres que para a máxima, cunha desviación negativa de 0.6 °C, marzo resulta un mes frío. O precedente máis frío data do ano 2018.

En **abril**, a temperatura estivo, en media, por riba dos valores normais. Isto foi así a pesar de que tivemos unha semana, entre o 14 e o 20 de abril, con temperaturas notablemente máis baixas do que cabería agardar. Pero, tanto na segunda semana, como nos últimos días do mes, achegouse aire moi cálido procedente do norte de África, provocando anomalías positivas moi importantes nos valores de temperatura. O valor medio da temperatura media foi **13.9 °C**. Deste xeito, o valor medio da anomalía de temperatura media para este mes de abril en Galicia foi **+2.0 °C**, o que fai que o mes se poida considerar, no conxunto de Galicia, como **moi cálido**. Tendo en conta as temperaturas mínima e máxima, abril é, tamén, moi cálido, cunhas desviacións positivas respecto aos valores climáticos de 1.6 e 2.4 °C, respectivamente. O precedente máis cálido foi o ano 2023.

No mes de **maio**, os valores medios das temperaturas estiveron por riba das agardadas nesta época do ano, tanto as mínimas como as máximas. Esta situación está propiciada, principalmente, polos altos valores acadados nos últimos dez días e, en particular, nos últimos cinco, cando se superaron os 30°C en moitos puntos de Galicia. Así, o valor medio da temperatura media foi **15.5 °C** e o valor medio da anomalía da temperatura media foi **1.1 °C**, o que fai que o mes se poida considerar, no conxunto de Galicia, como **moi cálido**. Tendo en conta as temperaturas mínima e máxima, maio é, tamén, moi cálido, cunhas desviacións



positivas respecto aos valores climáticos de 0.8 e 1.5 °C, respectivamente. O precedente máis cálido foi o ano 2023.

En **xuño**, as temperaturas rexistradas ao longo do mes foron moi superiores ás esperadas, debido, principalmente, aos dous importantes episodios de calor rexistrados na segunda quincena do mes. Pódese destacar, por exemplo, que, en Ourense, nos últimos quince días do mes, soamente tivemos dúas xornadas nas que o termómetros quedaban algo por debaixo dos 30 °C e, pola contra, catro xornadas nas que se superaban os 40 °C. Así, o valor medio da temperatura media foi **20.5 °C**, o máis alto de todos os rexistrados ata o momento. Doutra banda, o valor medio da anomalía da temperatura media foi **2.8 °C**. Este dato converte a xuño de 2025 no **mes máis cálido desde que existen rexistros**. Tendo en conta a anomalía media das temperatura mínima e máxima, cunhas desviacións positivas de 2.6 e 3.0 °C, respectivamente, xuño considérase extremadamente cálido. No caso da temperatura mínima, xuño de 2025 é, tamén, o máis cálido da serie histórica, mentres que, no referente á temperatura máxima, se sitúa como o segundo máis cálido rexistrado ata o momento.

En **xullo**, os valores medios de temperatura estiveron moi por riba do que cabería agardar en xullo. Esta anomalía pódese explicar polas situacións de calor intenso que tivemos espalladas ao longo do mes, mentres que soamente a mediados do mes tivemos unha situación máis fría de curta duración. O valor medio da temperatura media foi **20.9 °C**, isto é **1.3 °C por riba** do valor climático, o que fai que o mes se poida considerar como **moi cálido**. Isto mesmo sucede coas temperaturas mínima e máxima: con anomalías medias de 1.2 °C e 1.3 °C, respectivamente, o mes resulta, tamén, moi cálido. O precedente máis cálido foi o ano 2022

As temperaturas medias durante o mes de **agosto**, tanto as mínimas como as máximas, estiveron por riba da media climatolóxica deste mes. Isto débese ao frecuente arrastre de aire cálido procedente do sur debido ás múltiples situacións anticiclónicas. Este efecto foi particularmente notable no sueste. Así, por exemplo, en Ourense, soamente tivemos dúas xornadas nas que as temperaturas non acadasen os 30°C. O valor medio da temperatura media foi **21.8 °C**. O valor medio da anomalía da temperatura media foi **1.9 °C por riba** do valor climático, o que fai que o mes se poida considerar como **moi cálido, o segundo máis cálido da serie histórica por detrás do ano 2003**. Do mesmo xeito, foi moi cálido para as



temperaturas mínima e máxima, cunhas desviacións positivas de 1.3 e 2.5 °C, respectivamente.

En **setembro**, a temperatura media quedou por debaixo dos valores normais, especialmente na metade oeste, con algunhas excepcións en áreas illadas dos extremos leste e sueste da Comunidade. O valor medio, obtido a partir da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional, foi **17.2 °C**. O valor medio da anomalía da temperatura media foi **0.9 °C por baixo** do valor normal, o que fai que o mes se poida considerar como **frío, case moi frío**. Tendo en conta as temperaturas mínima e máxima, cunhas desviacións negativas de 1.0 e 0.8 °C, respectivamente, setembro resulta, tamén, frío. Hai que remontarse ao pasado ano 2024 para atopar un mes de setembro máis frío.

En **outubro**, as temperaturas estiveron, en xeral, por riba das que cabería agardar nun mes de outubro, especialmente debido aos elevados rexistros dos primeiros dezoito días do mes, cando se superaban os 25 °C de xeito bastante xeneralizado. Aínda que as temperaturas caeron posteriormente, non acadaron valores moi baixos, xa que predominaron os ventos de compoñente sur. O valor medio da temperatura media foi **16.1 °C**. O valor medio da anomalía da temperatura media foi **1.6 °C por riba** do valor normal, o que fai que o mes se poida considerar como **moi cálido**. Tendo en conta a desviación positiva na temperatura mínima de 0.9 °C, outubro considérase cálido e no referente á temperatura máxima, cunha anomalía de 2.4 °C, outubro resulta moi cálido. O pasado mes de outubro de 2023 foi algo máis cálido.

En **novembro**, as temperaturas quedaron, en xeral, non moi lonxe dos valores que se poderían agardar nun mes normal, tanto nos valores mínimos como nos máximos. A primeira quincena do mes foi cálida, pero quedou compensada cunha segunda quincena na que tivemos a chegada de dúas masas de aire frío procedente do Atlántico norte. O valor medio da temperatura media foi **11.1 °C**. O valor medio da anomalía da temperatura media foi **0.3 °C por riba** do valor normal, o que fai que o mes se poida considerar como **(lixeramente) cálido**. Tendo en conta a desviación positiva na temperatura mínima de 1.0 °C, novembro considérase cálido e no referente á temperatura máxima, cunha anomalía negativa de 0.4 °C, novembro resulta normal. O mes de novembro de 2024 foi máis cálido.

No mes de **decembro**, as temperaturas non quedaron moi lonxe das agardadas. As primeiras semanas foron de ambiente suave, con valores máis altos do habitual por mor da chegada



frecuente de borrascas con ventos do sur. Esta anomalía compensouse, en boa parte, polas baixas temperaturas da última semana do mes. Así, o valor medio da temperatura media en 2024 foi **8.7 °C**. O valor da anomalía media da temperatura, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi **nulo**, o que fai que o mes se poida considerar como **normal**. Tendo en conta a desviación positiva na temperatura mínima de 0.4 °C, decembro considérase cálido e no referente á temperatura máxima, cunha anomalía negativa de 0.4 °C, decembro resulta frío.

Como resumo, preséntase, na **Táboa 2**, a categoría asignada a cada mes, tendo en conta as temperaturas mínima, media e máxima e de acordo aos criterios da Táboa 1.

Resumo mensual anomalías de temperatura no ano 2025			
Mes	Temperatura mínima	Temperatura media	Temperatura máxima
xaneiro	extremadamente cálido (5°) +2.3 °C	extremadamente cálido (3°) +1.8 °C	moi cálido +1.3 °C
febreiro	moi cálido +2.0 °C	moi cálido +1.5 °C	cálido +0.9 °C
marzo	normal 0.0 °C	(lixeramente) frío -0.3 °C	frío -0.6 °C
abril	moi cálido +1.6 °C	moi cálido +2.0 °C	moi cálido +2.4 °C
maio	moi cálido +0.8 °C	moi cálido +1.1 °C	moi cálido +1.5 °C
xuño	o máis cálido da serie +2.6 °C	o máis cálido da serie +2.8 °C	extremadamente cálido (2°) +3.0 °C
xullo	moi cálido +1.2 °C	moi cálido +1.3 °C	moi cálido +1.3 °C
agosto	moi cálido +1.3 °C	moi cálido (2°) +1.9 °C	moi cálido (4°) +2.5 °C
setembro	frío -1.0 °C	frío -0.9 °C	frío -0.8 °C
outubro	cálido +0.9 °C	moi cálido +1.7 °C	moi cálido +2.4 °C
novembro	cálido +1.0 °C	(lixeramente) cálido +0.3 °C	normal -0.4 °C
decembro	cálido +0.4 °C	normal 0.0 °C	frío -0.4 °C

Táboa 2: Cualificación mensual en función da media das temperaturas mínima, media e máxima con respecto ao período de referencia 1981-2010.

3.1. Temperatura media anual das mínimas

O valor medio anual da temperatura mínima en Galicia, obtido a partir dos valores do mapa da **Figura 2**, foi 8.6 °C. Os valores máis baixos, comprendidos entre 4.1 e 5.7 °C, rexistráronse nas Serras de Queixa, de Eixe e, tamén, de Larouco. Pola contra, os valores máis altos, de entre 11.8 e 13.1 °C, rexistráronse nas Rías Baixas, especialmente nas de Vigo e Pontevedra.




Figura 2: Mapa de temperatura media anual das mínimas (°C) no ano 2025.

3.2. Temperatura media anual das máximas

O valor medio anual da temperatura máxima en Galicia, obtido a partir dos valores do mapa da **Figura 1**, foi 18.4 °C. Os valores máis altos, de entre 21.1 e 22.4°C, rexistráronse, principalmente, na Depresión de Ourense, no Miño de Pontevedra e no val do río Tea. Os valores máis baixos, comprendidos entre 13.1 e 14.7 °C, rexistráronse nas zonas máis elevadas da Comunidade, como as Serras de Queixa ou de Eixe.




Figura 1: Mapa de temperatura media anual das máximas (°C) no ano 2025.

3.3. Anomalía media anual da temperatura media

No mapa de anomalías de temperatura media, obsérvanse, en conxunto, desviacións positivas con respecto á media do período 1981-2010 en toda a Comunidade. O valor medio da anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia, segundo os valores do mapa da **Figura 3**, foi 1.0 °C. Os valores máis altos oscilan entre 1.5 e 2.5 °C en zonas dispersas das catro provincias e superan os 3.0 °C nos arredores da Serra dos Ancares. Os valores máis baixos oscilaron entre 0.3 e 0.6 °C e localízanse, dun modo algo máis extenso, sobre a Ría de Arousa, na comarca de Santiago e na Depresión de Lemos.




Figura 3: Mapa da anomalía da temperatura media anual (°C) no ano 2025.

4 BALANCE DA PRECIPITACIÓN NO 2025 EN GALICIA

No caso da precipitación (e ao igual que na temperatura), empregaranse os percentís obtidos da serie rexional no período **1981-2010**. Os intervalos das distintas categorías móstranse na **Táboa 3**. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais ao longo do ano 2025.

Precipitación	
Percentil	Categoría
$PP < PP_{min} 1981-2010$	extremadamente seco
$PP_{min} 1981-2010 \leq PP < P20$	moi seco
$P20 \leq PP < P40$	seco
$P40 \leq PP \leq P60$	normal
$P60 < PP \leq P80$	húmido
$P80 < PP \leq P_{max} 1981-2010$	moi húmido
$PP > PP_{max} 1981-2010$	extremadamente húmido

Táboa 3: Categorización en función dos percentís de precipitación da serie 1981-2010.

En **xaneiro**, a precipitación rexistrada está moi por riba da habitual. Este importante exceso de precipitación explícase, principalmente, polo tren de borrascas que sufrimos durante varias xornadas consecutivas a finais de mes, que deixaba cantidades realmente elevadas. Deste xeito, a precipitación media acumulada ascende a **324 L/m²**. A anomalía media das precipitacións para este mes de xaneiro foi un **125 % superior** ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse **extremadamente húmido, o cuarto máis húmido desde que se teñen rexistros**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi o ano 2016.

En **febreiro**, a cantidade de precipitación acumulada estivo moi influenciada pola situación do día 24, xa que en zonas do norte e do noroeste, nas que se acumularon cantidades máis importantes nese día, temos un exceso de precipitación, mentres que no resto da Comunidade, as cantidades están máis achegadas á normalidade, mesmo con áreas do sueste nas que o mes se pode considerar seco. Deste xeito, a precipitación media acumulada ascendeu a **118 L/m²** e a anomalía media das precipitacións, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un **64 % superior** ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse como **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi o ano 2021.



Marzo presentou o típico esquema de situacións cambiantes, coa chegada dalgunhas borrascas activas como *Jana* ou *Martinho* que deixaron chuvias abondosas, pero tamén períodos anticiclónicos de tempo seco. Isto fai que os valores acumulados estean preto da normalidade. A cantidade media de precipitación foi **98 L/m²**. Este valor medio da precipitación para o mes de marzo fai que o valor medio da anomalía de precipitación sexa, practicamente, nula. Isto fai que o mes poida considerarse como **normal**.

No mes de **abril**, a cantidade acumulada de precipitación estivo bastante por riba do que cabería agardar, non tanto porque tivésenos moitos días de chuvia, senón porque as precipitacións dalgúns días concretos foron moi intensas ou persistentes. A precipitación media acumulada marcou **183 L/m²** e o valor medio da anomalía da precipitación foi un **64 % superior** ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse como **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido remóntase ao ano 2019.

En **maio**, a cantidade de precipitación acumulada varía moito dun lugar a outro, xa que, durante este, sufrimos numerosas situacións atmosféricas de inestabilidade que provocaron a formación de treboadas localmente fortes. Deste xeito, hai zonas con acumulados moi elevados ao carón doutras con moita menos precipitación. A cantidade media de precipitación foi **95 L/m²**. O valor medio da anomalía da precipitación foi un **7 % superior** ao valor climático. Isto fai que o mes poida considerarse como **normal**, tendo en conta o conxunto da Comunidade.

En conxunto, a precipitación rexistrada en **xuño** foi escasa, xa que as fronteiras da primeira quincena tiveron pouca actividade e os posteriores episodios de tormentas foron relativamente illados. A precipitación media acumulada en 2025 foi **18 L/m²**. O valor medio da anomalía da precipitación foi un **68 % inferior** ao valor climático normal, o que permite cualificar xuño como un mes **moi seco** no conxunto da Comunidade. O precedente máis seco na serie histórica corresponde ao ano 2015.

As precipitacións acumuladas ao longo do mes de **xullo** estiveron moi por debaixo do que cabería agardar, mesmo tendo en conta que xullo é o mes máis seco de todo o ano. De feito, soamente tivemos unha fronte, durante a noite do día 19 e a madrugada do 20, que deixase chuvias algo cuantiosas e xeneralizadas. O valor medio da precipitación acumulada foi **15**



L/m². Do mesmo xeito, o valor medio da anomalía da precipitación foi un **55 % inferior** ao valor climático normal. Isto fai que este mes de xullo poida considerarse como **seco**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco foi o ano 2022

O mes de **agosto** rexistrou, en xeral, unha anomalía negativa alta, pero non tan acusada como no caso das temperaturas, xa que agosto é o segundo mes máis seco do ano e, polo tanto, as fronteiras dos últimos días foron suficiente para deixar acumulados que o afastaron de extremos. A precipitación media acumulada foi **18 L/m²**, moi por baixo do valor climatolóxico. O valor medio da anomalía da precipitación, obtida a partir do valor medio das anomalías en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas foi un **58 % inferior** ao valor climático normal. Isto fai que este mes de agosto poida considerarse como **moi seco**, co precedente máis seco no ano 2024.

No mes de **setembro**, a cantidade de precipitación acumulada excede os valores normais en zonas do oeste e do noroeste de Galicia, mentres que, no interior, existe un déficit tanto maior canto máis ao sueste nos movamos. O valor medio da precipitación acumulada foi **58 L/m²**. O valor medio da anomalía da precipitación foi **30 % inferior** ao valor climático normal. Isto fai que este mes de setembro poida considerarse como **normal**, tendo en conta o conxunto da Comunidade.

En **outubro**, as precipitacións totais non chegaron a acumular as cantidades normais, aínda que non quedaron moi lonxe, xa que tanto a borrasca *Benjamín* como a dos últimos dous días do mes deixaron cantidades acumuladas moi significativas. A cantidade de precipitación media foi **123 L/m²** e a anomalía media das precipitacións foi un **26 % inferior** ao valor climático normal. Isto fai que este mes de setembro poida considerarse como **seco**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. Temos que retroceder ata o ano 2018 para atopar un mes de outubro máis seco.

O mes de **novembro** tivo precipitacións moi por riba das que se poderían considerar normais. Este exceso de precipitación pódese atribuír, especialmente, á borrasca *Claudia*, que, entre os días 11 e 16, deixou cantidades de precipitación excepcionais. Así, o valor medio da precipitación acumulada foi **286 L/m²**. A anomalía media das precipitacións foi un **65 % superior** ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi o ano 2023.



En **decembro**, a precipitación acumulada estivo, en xeral, por riba da media climática de decembro, o que quere dicir que as cantidades acumuladas foron significativas, posto que decembro é climatoloxicamente o mes máis chuvioso do ano. A chegada de borrascas bastante activas nas primeiras tres semanas do mes explica este resultado. A cantidade media de precipitación foi **206 L/m²**. A anomalía media das precipitacións foi **un 14 % superior** ao valor climático. Isto fai que o mes poida considerarse **húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi 2022.

Na **Táboa 4**, preséntanse, a modo de resumo, a categoría asignada a cada mes, tendo en conta a precipitación acumulada e segundo os criterios da Táboa 3.

Resumo mensual anomalías de precipitación no ano 2025	
Mes	Cualificación
xaneiro	extremadamente húmido (4°) 125%
febreiro	normal 2%
marzo	normal 0%
abril	moi húmido 64%
maio	normal 7%
xuño	moi seco -68%
xullo	seco -55%
agosto	seco -58%
setembro	normal -30%
outubro	seco -26%
novembro	moi húmido 65%
decembro	húmido 14%

Táboa 4: Cualificación mensual en función da precipitación acumulada con respecto ao período de referencia 1981-2010

4.1. Precipitación media anual acumulada

Segundo os valores do mapa da **Figura 4**, a precipitación media acumulada foi 1640 L/m². Os acumulados máis altos déronse ao longo das Serras Litorais, con valores que superaron nalgúns casos os 3000 L/m². A menor cantidade de precipitación non chegou aos 700 L/m² en áreas dos vales máis orientais da provincia de Ourense.




Figura 4: Mapa de precipitación media acumulada (L/m²) no ano 2025.

4.2. Anomalía da precipitación media

No mapa da **Figura 5**, pódese ver a porcentaxe de precipitación no ano 2025 con respecto aos valores climáticos, sendo o 100 % o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 15 % superior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación presenta, en xeral, zonas húmidas, agás en grandes áreas do extremo leste de Ourense e do extremo norte de Galicia, onde se observan zonas secas. As porcentaxes de precipitación máis altas acadáronse no val do río Limia e en zonas do suroeste da provincia da Coruña, onde caeu entre un 40 e un 60 % máis de precipitación do agardado. Pola contra, nas zonas máis secas da provincia de Ourense, o déficit de precipitación está arredor dun 25 % menos de precipitación do normal.




Figura 5: Porcentaxe da precipitación acumulada no ano 2025 con respecto aos valores normais do período 1981-2010.

5 EVOLUCIÓN DA TEMPERATURA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 1961-2025

Na **Figura 6** pódese ver a variación da temperatura media anual desde o ano 1961. O valor medio en 2025 para a serie rexional foi **14.7 °C**.




Figura 6: Evolución da temperatura media anual (°C) ao longo do período 1961-2025.

Ese dato de temperatura media equivale a unha desviación positiva de **1.1 °C** con respecto ao valor medio da serie no período 1981-2010, representado na **Figura 7**, o que permite cualificar ao ano 2025 como **extremadamente cálido**, pasando a ocupar a **cuarta posición na serie histórica de datos**. Con respecto ás medias das temperaturas mínima e máxima, cunhas anomalías positivas de 1.1 °C, o ano resulta, tamén, extremadamente cálido, ocupando a terceira posición no caso da temperatura mínima e a quinta posición no caso da temperatura máxima. O pasado ano 2024 foi levemente máis cálido.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media anual (°C), respecto ao período 1981-2010.



6 EVOLUCIÓN DA PRECIPITACIÓN MEDIA ANUAL NO PERÍODO 1961-2025

Na **Figura 8**, pódese ver a evolución, desde 1961, da precipitación media acumulada anualmente. A precipitación media rexistrada para a serie rexional en 2025 foi **1524 L/m²**.




Figura 8: Evolución da precipitación media anual (L/m²) ao longo do período 1961-2025.

Esa cantidade de precipitación supoñe unha desviación respecto ao valor medio da serie no período 1981-2010 dun **18 % superior** ao normal, simbolizado na **Figura 9**. Segundo os criterios da Táboa 3, este ano 2025 pódese cualificar como **moi húmido**. Para atopar un ano máis húmido temos que remontarnos ao ano 2023.




Figura 9: Evolución da anomalía de precipitación media anual (%), respecto ao período 1981-2010.



7 DIAGRAMA DE TERMOHIETAS

Na **Figura 10**, pódese ver o diagrama de termohietas do mes de decembro, tendo en conta o **total de datos da serie rexional** e non só o período 1981-2010. Nel, obsérvase que o ano 2025 entra dentro do grupo dos máis anómalos en canto á temperatura media, superando o percentil 80 (T80) e ocupando a cuarta praza, e se engloba xunto a outros meses moi anómalos no que respecta á precipitación, quedando no límite do percentil 80 (P80).




Figura 13: Diagrama anual de termohietas desde 1961.